



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

DECRETO DA PRESIDENCIA

O Concello de Xinzo de Limia pretende seleccionar e contratar unha limpiadora en edificio administrativo mediante contrato laboral de interinidade por baixa por enfermidade da titular da praza axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte as previsións do Real Decreto Legislativo 5/2015, por el que se aprueba el Estatuto Básico del Empleado Público, ó persoal que a continuación se detalla:

Nº de prazas: 1.

Denominación da praza: limpadora.

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: interinidade.

Duración: ata a reincorporación da titular da praza.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión avaliadora estará integrada, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, do seguinte xeito:

Presidenta: Marta María Gómez Ruiz, Secretaria do Concello

1º Vogal: Mónica Legaspi Díaz (Interventora do Concello)

2º Vogal: Germán M. Bolaño Villalba, Inspector Xefe da Policía Local.

3º Vogal: María Dolores Carrera Atanes, Auxiliar-Administrativa do Concello.

Secretario: Ana María Fernández Novas, Auxiliar-Administrativa do Concello.

REQUISITOS

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuir a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requerida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaséis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionales ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do personal laboral, no que houbera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requerida: declaración de veracidade.

e) Titulación: sin titulación requerida.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

MÉRITOS BAREMADOS

I.- PUNTUACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:

a) Por cada mes como desempregado/a:

0,01 puntos máximo 2,00 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: (Acreditacións obrigatorias requiridas: Documento acreditativo de rexistro como demandante de emprego DARDE (tarxeta de emprego) onde conste data de inscrición como demandante de emprego, de non constar a data de inscrición na tarxeta de emprego, será necesario presentar, ademais da tarxeta, informe do servizo público de emprego onde se recolla a data de inscrición)

b) Por persoa ou persoas a cargo, menor/es de 21 anos (sen ingresos) ou maior/es de 60 anos (con ingresos menores ao 75% do SMI), que convivan no enderezo do solicitante, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

1,00 punto

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que a persoa está a cargo do solicitante e non ten ingresos (menores 21 anos) ou os seus ingresos son menores do 75% do SMI (para os maiores de 60 anos), DNI da persoa a cargo, Informe de Vida Laboral da persoa a cargo ou Informe negativo de vida laboral, Declaración da Renda da persoa a cargo do ano anterior ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF e calquer outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

c) Por minusvalidez do solicitante compatíbel co posto de traballo, igual ou superior ao 33%:

1,00 punto

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado do grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Certificado-Informe do INSS ou da Tesourería Xeral da Seguridade Social a maiores do que se acredite que o solicitante pode compatibilizar o traballo ao que pretende acceder coa minusvalidez que padece).

d) Por minusvalidez, igual ou superior ao 65%, dalgunha das persoas que vivan ao seu cargo, con ingresos inferiores ao 75% do SMI, ata o 2º grau de consanguinidade ou afinidade, cun mínimo de 6 meses de convivencia:

0,50 puntos

(Acreditacións obrigatorias requiridas: Certificado municipal dos servizos sociais onde se exprese que o/a minusválido/a convive e está a cargo do solicitante, Certificado de grau de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, Declaración da Renda do minusválido ou Certificación de non ter que realizar a Declaración do IRPF, Informe de Vida Laboral ou Informe Negativo de Vida Laboral, e calquer outro documento que puidese requirir a Comisión de Selección no proceso de elaboración das listas para clarexar esta circunstancia).

e) Por ter sido declarado/a, o/a solicitante, vítima dunha agresión constitutiva dun ilícito penal de violencia doméstica ou de xénero nos 5 anos anteriores á esta convocatoria:

0,50 puntos

(Acreditación obrigatoria requirida: Sentenza xudicial)

f) Por tratarse do 1º emprego:



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

1,00 punto

(Acreditación obrigatoria requirida: Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguranza Social ou informe negativo emitido pola TXSS).

II.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría e referidos aos últimos 4 anos:

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

III.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas:	0,10 puntos por curso
De 41 a 100 horas:	0,20 puntos por curso
De 101 a 300 horas:	0,40 puntos por curso
De 301 a 500 horas:	0,60 puntos por curso
De 501 en adiante:	1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grado superior alegado):

• CELGA 3 ou grao de iniciación:	0,50 puntos
• CELGA 4 ou grao de perfeccionamento:	0,75 puntos
• CELGA 5 ou equivalente:	1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galiza. Só se puntuará o curso de maior titulación.

DESEMPATE: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Á vista dos informes emitidos e existentes no expediente, e en uso das facultades que me otorga o art 21 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

- 1) Proceder á convocatoria da presente contratación a través da publicación correspondente anuncio no diario "La Región" así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e páxina Web do concello (www.xinzodelimia.es) debendo seguirse do proceso de selección o procedemento ordinario a través de concurso con valoración de méritos contidos no presente decreto. Se outorgará un prazo de tres días hábiles para a presentación da documentación a contar dende a publicación deste anuncio no diario. Advertírase no anuncio que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar fax ó Concello advertindo deste extremo ó número 988550112, no prazo de tres días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.
- 2) Designar como integrantes da Comisión avaliadora aos traballadores anteriormente relacionados.
- 3) Ordear que os resultados deste proceso selectivo se publiquen no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e páxina Web do concello (www.xinzodelimia.es) resolvendo esta Alcaldía sobre a contratación do/a aspirante que o supere en base a proposta da comisión avaliadora.

Así o mandou e asinou o Sr Alcalde Presidente, Antonio Pérez Rodríguez, en Xinzo de Limia, a 3 de maio de 2017, do que eu como Secretaria en funcións dou fe,

O Alcalde,

Antonio Pérez Rodríguez

A Secretaria

Marta María Gómez Ruiz.

